



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 23 DE OUTUBRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se crea a Delegación da Xunta en Montevideo e se desenvolven a súa estrutura orgánica e funcións
- Decreto polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos
- Decreto polo que se aproba a modificación parcial dos estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona do Burgo-Vilamaior-Camba (Castro Caldelas-Ourense)
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de San Bartolomeu de Berrande (Vilardevos-Ourense)
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Santa Baia de Anfeoz (Cartelle-Ourense)

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da xestión, en réxime de concesión, do servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes a través do procedemento negociado con publicidade, tramitación urxente
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Carral (A Coruña), para levar a cabo a insonorización e o tratamento acústico do local de ensaio de *ANS-PALEO*



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Universidade de Barcelona, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se aproba a modificación puntual do proxecto sectorial da área loxística e intermodal *Porto Seco de Monforte*, no concello de Monforte de Lemos (Lugo)
- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Concello da Guarda, para a súa adhesión á dita entidade
- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Concello de Cedeira, para a súa adhesión á dita entidade
- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Concello de Sada, para a súa adhesión á dita entidade
- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Concello de Vilardevós, para a súa adhesión á dita entidade
- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Concello de Castrelo do Val, para a súa adhesión á dita entidade
- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Concello de Carballeda de Avia, para a súa adhesión á dita entidade
- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Concello da Baña, para a súa adhesión á dita entidade

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Concello do Porriño e a empresa *Unión Fenosa Distribución, S.A.*, para o soterramento dunha liña de media tensión aérea que distribúe enerxía eléctrica no polígono industrial das Gándaras



- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a empresa *Unión Fenosa Distribución, S. A.* para o soterramento de liñas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Concello de Lugo e a empresa *Barras Eléctricas Galaico- Asturianas, S.A. (Begasa)*, para o soterramento da liña de alta tensión na subestación de San Cibrao

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio para a realización de obras de infraestrutura rural co Concello de Meaño (Pontevedra), no marco do Plan de infraestruturas rurais 2008 (PIR- FP- Meaño)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM-FEADER- Barreiros- Vilagarcía de Arousa)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Plan de melloras das infraestruturas viarias na denominación de orixe Monterrei- 2008 (Castrelo do Val, Verín)
- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto sectorial para a implantación do polígono industrial de Vilanova I no concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra), sobre a dos montes veciñais en man común Pedra da Mina, Costa do Sixto e outros, pertencentes á comunidade de Baión, promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (Consellería de Vivenda e Solo)

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Oleiros, para realización das obras de consolidación estrutural e posta en valor do Castelo de Santa Cruz de Oleiros

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Culleredo, para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha terceira addenda pola que se modifica o contrato de xestión, mantemento, administración e operatividade técnica de voo de dous helicópteros da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Cortegada para a instalación de contenerización soterrada na rúa Fermín Bouza, por importe de 54.968,39 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Santa Comba e se autoriza a aprobación do gasto para a execución das obras Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Santa Comba. Santa Comba (A Coruña), clave OH.315.663, por importe de 3.750.311,26 euros

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para a modificación dos compromisos de carácter plurianual establecidos na Orde do 24 de marzo de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións, no momento da súa concesión, e compromisos de gastos de carácter plurianual na Orde pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectorais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento



O GOBERNO GALEGO APROBA A CREACIÓN DA DELEGACIÓN DA XUNTA EN MONTEVIDEO, QUE PRESTARÁ ASISTENCIA AOS PRETO DE 30.000 GALEGOS ASENTADOS EN URUGUAI

- *É a segunda delegación destas características que se pon en marcha dentro da rede de representacións administrativas no exterior*
- *A súa posta en marcha evidencia a consolidación dunha nova etapa nas relacións exteriores de Galicia*
- *Servirá para institucionalizar e defender a presenza da Comunidade Autónoma, a súa cultura, a súa lingua e os seus intereses en Uruguai*

O Goberno galego aprobou hoxe o decreto de creación da Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo (Uruguai). Trátase da segunda das oficinas de representación administrativa no estranxeiro impulsada pola Xunta para institucionalizar, promover e defender a presenza de Galicia, a súa cultura, a súa lingua e os seus intereses no ámbito internacional.

Galicia avanza así na consolidación dunha nova etapa nas súas relacións exteriores, ámbito no cal se está a fomentar a creación de canles de colaboración e participación democráticas, institucionalizadas, regradas, transparentes e sometidas aos mesmos mecanismos de control existentes en toda política pública dunha sociedade plural, madura e libre.

A segunda delegación oficial da Xunta de Galicia no exterior terá como área xeográfica de actuación a República Oriental do Uruguai. Este país conta cunha colonia de galegos que ascende a 28.470 galegos, segundo datos do Censo de Residentes Ausentes.

Á fronte desta representación institucional da Xunta de Galicia en Bos Aires haberá un delegado -nomeado polo Consello da Xunta-, ao cal lle corresponderán as funcións de dirección e coordinación das actuacións desenvolvidas por esta oficina.

Organización interna e áreas funcionais

A delegación contará cunha secretaría -encargada do réxime interno, administración, control contable e xustificación de gastos e orzamentos do centro-, unha oficina de rexistro e un grupo de traballo estruturado en catro áreas funcionais de actuación rexidas polo principio de unidade de acción:

- Atención á cidadanía galega
- Lingua e cultura galegas
- Relacións económicas
- Cooperación ao desenvolvemento.

Segundo establece o decreto de creación das delegacións da Xunta no exterior, aprobado no mes de novembro de 2006, as delegacións da Administración galega estarán adscritas



á Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, en canto órgano superior de apoio, asistencia e asesoramento ao presidente da Xunta neste eido.

Rede de delegacións no exterior

Entre as principais funcións das delegacións da Xunta no exterior figuran:

- Apoiar todas as actuacións dos departamentos da Xunta na área xeográfica de acción
- Fomentar as relacións de Galicia coas institucións e os órganos de Goberno da área xeográfica de acción
- Impulsar accións de promoción da cultura e lingua galegas
- Fomentar os valores de igualdade entre mulleres e homes como valores asumidos pola cidadanía da moderna sociedade galega
- Prestar apoio administrativo e institucional aos emigrantes galegos e ás comunidades galegas no exterior, para o que terán a responsabilidade da coordinación, xestión, difusión e control dos programas dirixidos á emigración
- Contribuír ás accións de cooperación que, dentro da programación exterior de Galicia, a Xunta estableza no ámbito socioeconómico e de promoción do turismo
- Colaborar no seguimento e avaliación dos plans, programas e proxectos de cooperación ao desenvolvemento que se realicen na área xeográfica asignada
- Prestar asistencia técnica, orientación e información sobre Galicia aos axentes sociais, aos galegos, aos seus descendentes e aos interesados que así o requiran

Do mesmo xeito, e no contexto da crecente internacionalización da economía e da mobilidade laboral, a Xunta de Galicia asume, coa creación das delegacións no exterior, a responsabilidade de coadxuvar á presenza das empresas galegas no mercado global, achegándolles apoio e asistencia institucional.

Igualdade de oportunidades e unidade de acción

O Goberno galego inclúe tamén na súa acción exterior a vontade explícita de que no exercicio das funcións citadas para as delegacións se respecten tanto o principio de “igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes” como o de “unidade de acción” da Administración autonómica.

Acción exterior das comunidades autónomas

A acción exterior das comunidades autónomas está recoñecida pola doutrina do Tribunal Constitucional, que asume que poidan levar a cabo actividades de relevancia internacional no exercicio das competencias que lles son propias ou na proxección exterior da súa personalidade. Para iso, faise necesaria a presenza da Xunta no



estranxeiro co fin de prestar un servizo máis eficaz aos seus administrados e para a defensa dos seus intereses no ámbito internacional, sen prexuízo da función de representación exterior que lle corresponde ao Estado.



A XUNTA APROBA UN DECRETO QUE SIMPLIFICA A TRAMITACIÓN DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS E FOMENTA A UTILIZACIÓN DE MEDIOS ELECTRÓNICOS

- ***Con esta norma preténdese reducir a documentación que debe presentar o cidadán nas súas solicitudes á Administración autonómica***
- ***Impúlsase tamén a creación do Portelo Electrónico 24x7 co fin de potenciar a relación telemática entre o cidadán e a Administración***
- ***O Portelo 24x7 da Xunta ofrece aos cidadáns a posibilidade de presentar vía electrónica os escritos ou comunicacións á Administración en calquera momento, xa que o servizo estará dispoñible as 24 horas durante toda a semana***
- ***Este decreto creará o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto polo que se facilitan os procesos de tramitación administrativa potenciando o emprego das técnicas informáticas e telemáticas. Ao mesmo tempo, preténdese reducir a documentación que debe presentar o cidadán nas súas solicitudes á Administración autonómica.

Segundo recolle esta norma, os cidadáns non terán a obriga de achegar a fotocopia do documento nacional de identidade ou o documento equivalente dos estranxeiros residentes en España, expedido polas autoridades estatais. Tampouco será esixible o certificado de empadramento.

En calquera caso, o órgano responsable da tramitación poderá comprobar a información requirida mediante o acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade e residencia do Ministerio de Administracións Públicas que para este fin estableza o departamento competente na materia.

Para comprobar os datos do interesado será necesario contar previamente co seu consentimento. No caso de existir discordancias entre os datos facilitados polo cidadán e os que consten no acceso informático que se estableza, o órgano competente poderá realizar as actuacións necesarias para a súa aclaración.

Por outra banda, estipúlase que non se esixirán documentos xerados pola propia Administración autonómica. Tales datos serán achegados polo órgano encargado da tramitación mediante a consulta de medios telemáticos, excepto aqueles cunha antigüidade superior a cinco anos desde a entrada en vigor deste decreto, e os certificados médicos do Servizo Galego da Saúde. Así mesmo no caso de que a información requirida sexa de carácter persoal, será necesario o consentimento do implicado. Ademais, no prazo de seis meses tras a entrada en vigor deste decreto, creárase un catálogo de rexistros administrativos e bases de datos para promover a mellora na xestión administrativa autonómica.

Estes cambios, que suporán un importante aforro de tempo e medios, repercutirán nos procedementos administrativos comprendidos no seu ámbito de aplicación. Conseguirase



así impulsar unha Administración máis áxil garantindo a máxima interoperabilidade entre as unidades administrativas e os seus sistemas de información.

A Xunta de Galicia crea o Portelo Electrónico 24x7

Mediante a creación do Portelo 24x7 a Xunta de Galicia ofrécelles aos cidadáns a posibilidade de presentar vía electrónica os escritos ou comunicacións á Administración en calquera momento, xa que o servizo estará dispoñible as 24 horas durante toda a semana, salvo os días inhábiles determinados na disposición que se publique cada ano no *Diario Oficial de Galicia*. A presentación dun comunicado nun día inhábil pasará á primeira hora do seguinte día hábil, exceptuando aqueles casos en que a norma permita expresamente a recepción en día inhábil.

Todos os documentos presentados estarán validados xuridicamente pola sinatura electrónica da persoa e xerarán un asento no rexistro telemático da Xunta. Posteriormente os documentos pasarán á consellería correspondente que deberá facerse cargo da súa tramitación ou contestación.

Ademais do Portelo Electrónico 24x7, mediante este decreto crearase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e regularase a atención ao cidadán.



O CONSELLO APROBA A MODIFICACIÓN PARCIAL DOS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación parcial dos estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), que entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no DOG. Os estatutos deste Colexio foron aprobados polo Decreto 293/1999 e, actualmente, procédese á modificación de aspectos relativos ás sociedades profesionais, co que se producen cambios relacionados coa responsabilidade disciplinaria, órganos e competencias -artigo 68-, infraccións –artigo 69- e sancións –artigo 70-.

Deste xeito, establécese que os arquitectos incorporados ao COAG poderán asociarse baixo a figura de sociedade profesional para exercer a profesión de arquitecto na Comunidade Autónoma e que esta sociedade debe incorporarse ao Colexio e inscribirse no seu Rexistro de Sociedades Profesionais. Nos estatutos tamén se dispón que o rexistro colexial será único e terá validez en todo o territorio nacional, ademais dos efectos que producirá a inscrición nel.

O novo texto engade unha epígrafe relativa ás sociedades profesionais multidisciplinares ou multiprofesionais, que se inscribirán no rexistro correspondente do Colexio. Deste xeito, os arquitectos incorporados ao COAG poderán asociarse en sociedades deste tipo con outros profesionais non compatibles e utilizando fórmulas como as sociedades mercantís, sempre que isto non afecte o exercicio da súa profesión como arquitecto. Para que isto sexa posible, tamén se require o cumprimento de condicións como a de que a sociedade preste servizos conxuntos determinados e que os membros arquitectos teñan a maioría dos dereitos patrimoniais, económicos e de xestión da sociedade. Os membros arquitectos deberán separarse da sociedade se algún dos seus integrantes incumpre as normas sobre prohibicións, incompatibilidades ou deontoloxía da profesión de arquitecto.

Así mesmo, no artigo 68 prodúcense as oportunas modificacións para incluír o concepto de sociedades profesionais no ámbito de aplicación do réxime disciplinario. Doutra banda, establécese unha nova infracción: que os arquitectos desenvolvan actividades profesionais colectivas sen adecuarse á Lei de sociedades profesionais. Tamén se incorpora aos estatutos que cando as infraccións sexan cometidas por unha sociedade profesional, a esta se lle aplicarán as mesmas sancións que aos arquitectos.



APROBADO O DECRETO DE UTILIDADE PÚBLICA E URXENTE EXECUCIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE CASTRO CALDELAS, EN OURENSE

- ***O Goberno galego prevé un investimento global de 1.543.368 euros no proceso de concentración parcelaria de Castro Caldelas***
- ***O obxectivo é reducir as parcelas, excesivamente fragmentadas, nunha superficie aproximada de 850 hectáreas, situadas nas parroquias de Burgo, Vilamaior e Camba***

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería do Medio Rural, aprobou o Decreto polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Castro Caldelas. O perímetro desta área de concentración abarca terreos das parroquias de Burgo, Vilamaior e Camba, que suman 850 hectáreas de superficie. En total, a consellería prevé un investimento de 1.543.368 euros destinados tanto á realización dos proxectos e informes técnicos como á execución das obras.

Tal e como se establece nos informes de viabilidade elaborados por Medio Rural, a redución e o reagrupamento das parcelas existentes permitirá recuperar superficie agraria útil, actualmente abandonada ou infrautilizada; mellorar as condicións de traballo e a rendibilidade das explotacións, ao contar con leiras de dimensións máis axeitadas para o seu aproveitamento agrogandeiro; implementar a rede de comunicacións existente, complementándoa con novos camiños e coa ampliación doutros antigos e, en definitiva, elevar o nivel de vida dos agricultores e gandeiros da zona, facendo a súa actividade máis competitiva.

Mediante a execución desta concentración, a consellería considera que se facilitará a agrupación dos produtores, a súa tecnificación, formación e outras fórmulas de cooperación, como a comercialización conxunta dos seus produtos e o abastecemento colectivo de bens de equipo e de recursos externos.



A XUNTA APROBA O DECRETO DE UTILIDADE PÚBLICA E URXENTE EXECUCIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE VILARDEVÓS, EN OURENSE

- ***O Goberno galego prevé un investimento global de 2.872.000 euros no proceso de concentración parcelaria de Vilardevós***
- ***O obxectivo é reducir o número de parcelas por propietario, nunha superficie de 1.718 hectáreas, situadas na parroquia de San Bartolomeu de Berrande***

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería do Medio Rural, aprobou o Decreto polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Vilardevós. O perímetro desta área de concentración abarca terreos da parroquia de San Bartolomeu de Berrande, cunha superficie de 1.718 hectáreas. En total, a Consellería prevé un investimento de 2.872.000 euros destinados tanto á realización dos proxectos e informes técnicos como á execución das obras.

Tal e como se establece nos informes de viabilidade elaborados por Medio Rural, a redución e o reagrupamento das parcelas existentes permitirá recuperar superficie agraria útil; mellorar as condicións de traballo e a rendibilidade das explotacións, ao contar con leiras de dimensións máis axeitadas para o seu aproveitamento agrogandeiro; implementar a rede de comunicacións existente, complementándoa con novos camiños e coa ampliación doutros antigos e, en definitiva, elevar o nivel de vida dos agricultores e gandeiros da zona, facendo a súa actividade máis competitiva.

Mediante a execución desta concentración, a consellería considera que se facilitará a agrupación dos produtores, a súa tecnificación, formación e outras fórmulas de cooperación, como a comercialización conxunta dos seus produtos e o abastecemento colectivo de bens de equipo e de recursos externos.



APROBADO O DECRETO DE UTILIDADE PÚBLICA E URXENTE EXECUCIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE CARTELLE, EN OURENSE

- ***A Consellería prevé un investimento global de 3.832.000 euros no proceso de concentración parcelaria de Cartelle***
- ***O obxectivo é reducir o número de parcelas, excesivamente fragmentadas, nunha superficie de 800 hectáreas, situadas na parroquia de Santa Baia de Antefoz, segundo acordou o Consello da Xunta***

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería do Medio Rural, aprobou o Decreto polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Cartelle. O perímetro desta área de concentración abarca terreos da parroquia de Santa Baia de Antefoz, cunha superficie de 800 hectáreas. En total, a consellería prevé un investimento de 3.832.000 euros destinados tanto á realización dos proxectos e informes técnicos como á execución das obras.

Tal e como se establece nos informes de viabilidade elaborados por Medio Rural, a redución e o reagrupamento das parcelas existentes permitirá recuperar superficie agraria útil; mellorar as condicións de traballo e a rendibilidade das explotacións, ao contar con leiras de dimensións máis axeitadas para o seu aproveitamento agrogandeiro; implementar a rede de comunicacións existente, complementándoa con novos camiños e coa ampliación doutros antigos e, en definitiva, elevar o nivel de vida dos agricultores e gandeiros da zona, facendo a súa actividade máis competitiva.

Mediante a execución desta concentración, a consellería considera que se facilitará a agrupación dos produtores, a súa tecnificación, formación e outras fórmulas de cooperación, como a comercialización conxunta dos seus produtos e o abastecemento colectivo de bens de equipo e de recursos externos.



O GOBERNO AUTONÓMICO ESTENDERÁ O SERVIZO GALEGO DE TRANSPORTE ADAPTADO AOS 315 CONCELLOS DO PAÍS

- *A frota estará integrada por 122 vehículos adaptados que cubrirán o conxunto do territorio, con máis de 100.000 usuarios potenciais*
- *O servizo de transporte adaptado conta no día de hoxe con 44 vehículos que atenden 130 concellos, cunha poboación potencial usuaria que supera as 22.000 persoas*
- *O investimento para a posta en marcha deste servizo ascenderá a 67,5 millóns de euros*
- *O servizo de transporte adaptado facilita o desprazamento programado e non urxente das persoas con problemas de mobilidade, sempre baixo condicións de máxima seguridade, cos medios precisos e co apoio de persoal de acompañamento*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da xestión, en réxime de concesión, do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade ou con dependencia. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destina deste xeito un total de 67,5 millóns de euros para estender ao conxunto do territorio do país o servizo galego de transporte adaptado, tamén coñecido como 065, que pasará a dar cobertura, xa no vindeiro ano, aos 315 concellos galegos. Isto será posible a través dunha frota integrada por ata 122 vehículos, que poderán prestar servizo a 100.000 usuarios potenciais ao remate deste ano.

Trátase de dar continuidade, como xa se establecera no calendario de implantación deseñado, ao proxecto iniciado o pasado mes de decembro, coa posta en marcha da primeira fase deste servizo, que no día de hoxe conta con 44 vehículos operativos que atenden 130 concellos cunha poboación potencial usuaria que supera as 22.000 persoas.

Sistema Galego do Benestar

O 065 é un instrumento fundamental da política de accesibilidade aos servizos e instalacións do Sistema Galego do Benestar, un sistema no que os servizos se adaptan ao país, e non o país aos servizos. A iniciativa do servizo de transporte adaptado pretende vencer as dificultades que impón a dispersión da nosa poboación en 35.000 núcleos diferentes, para que todas as persoas dependentes e con discapacidade poidan ter o mesmo dereito de acceder aos servizos de saúde, sociais e ter unha vida autónoma, vivan onde vivan.

O servizo de transporte adaptado facilita o desprazamento programado e non urxente das persoas con problemas de mobilidade, sempre baixo condicións de máxima seguridade, cos medios precisos e co apoio de persoal de acompañamento durante o traslado.



Ten, deste xeito, un triplo obxectivo de normalización, promoción da autonomía persoal e integración social dos seus beneficiarios. Neste senso, en primeiro lugar, a rede permite un acceso normalizado das persoas con dependencia ou discapacidade aos servizos e recursos sociais, o que é fundamental para garantir o acceso dos cidadáns á rede pública de atención á dependencia. En segundo lugar, facilita a autonomía persoal ao promover a dispoñibilidade de recursos de apoio ás situacións de dependencia, en beneficio das persoas dependentes e tamén das súas familias e o seu contorno inmediato. Finalmente, é un recurso para a integración social, por canto supón establecer unha estratexia pública de compensación territorial, desde unha perspectiva universal de acceso á atención ás persoas dependentes, para que todos os cidadáns teñan acceso aos mesmos servizos.

A prestación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal realízase en función dunha serie de prioridades, como son a necesidade de acudir a consultas ou tratamentos sanitarios do sistema público, cando o desprazamento non sexa competencia do sistema sanitario; trasladarse a centros ou equipamentos do sistema de servizos sociais como residencias, centros de día ou outros equipamentos de aloxamento temporal ou permanente de que sexan usuarios; acudir a centros ou equipamentos do sistema de servizos sociais que, non tendo carácter de aloxamento, dispoñen de programas ou actividades a que acoden ou deban acudir como usuarios; realizar actividades relacionadas coa vida diaria autónoma e co seu desenvolvemento persoal; ou asistir a actividades de carácter educativo ou formativo.

Para acceder a este servizo é necesario ter recoñecida a existencia de dificultades de mobilidade que impidan a utilización de transportes públicos, e ademais atoparse nunha situación de dependencia en calquera dos seus graos ou ter recoñecido un grao de minusvalidez superior ao 65 por cento.

Rede pioneira no Estado

O Servizo Galego de Transporte Adaptado é unha iniciativa pioneira no Estado, onde é a primeira vez que se implanta un transporte adaptado público deste tipo. Coa súa posta en marcha, Galicia amplía o catálogo de servizos de atención á dependencia e toma a iniciativa na creación de novos servizos sociais, ofrecendo un modelo de referencia para as demais comunidades.



A XUNTA INVESTIRÁ 70.000 EUROS NA INSONORIZACIÓN E TRATAMENTO ACÚSTICO DO LOCAL DE ENSAIO ANS-PALEO, EN CARRAL

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Carral (A Coruña) para a insonorización e o tratamento acústico do local de ensaio de ANS-PALEO. A través deste acordo procederase ao acondicionamento do espazo musical para que o uso que se faga del non provoque ruídos nin molestias no exterior, ao mesmo tempo que se mellora a acústica para os músicos que traballan nel. O custo global da obra ascende a 70.000 euros, que serán sufragados integramente pola Xunta.

A día de hoxe son xa 16 os locais de ensaio que están abertos en Galicia. Nestas infraestruturas a Xunta leva investidos arredor de 1,5 millóns de euros. Ademais, está previsto que no que queda de ano se poñan en funcionamento outros 15 locais de ensaio, cun investimento global de 1,4 millóns de euros, ao que lle hai que sumar outros 100.000 euros máis que corresponden a unha nova liña de axudas para o mantemento dos centros e mellora das súas instalacións e dotacións técnicas.

Deste xeito, a finais de 2008 estarán funcionando arredor de 30 locais de ensaio para grupos musicais, cun investimento total de case 3 millóns de euros. Esta rede galega de locais de ensaio ten un dobre obxectivo: deseñar recursos, programas e equipamentos atractivos ás demandas da xuventude galega e traballar a “canteira” dos creadores emerxentes.



A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE BARCELONA RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN PARA A DOCENCIA E A DIFUSIÓN DA LINGUA GALEGA

- ***Por primeira vez, establécese unha relación laboral dos profesores lectores coa Universidade de Barcelona, na liña da política de mellora das condicións laborais deste persoal asumida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística***
- ***O acordo ten unha vixencia de dous anos, durante os que a Secretaría fará unha achega de 39.000 euros para contribuír á realización das actividades de difusión da lingua e da cultura galegas***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a subscrición dun convenio entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Barcelona polo que se renova o acordo de colaboración para promover a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.

A principal novidade do convenio é a transformación da relación laboral dos lectores coa Universidade de Barcelona, que neste novo marco de colaboración pasan a ser contratados, con dedicación a tempo parcial, da propia universidade. Este compromiso adquirido pola institución académica catalá é o resultado da liña de negociacións asumida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para mellorar a situación dos lectores e lectoras espallados por universidades de todo o mundo e, ao mesmo tempo, afianzar a situación da lingua galega neses contextos.

Neste mes de outubro, a Secretaría Xeral de Política Lingüística subscribiu convenios coa Universidade de Deusto (Bilbao) e mais coa de Santa Bárbara (California) que tamén permitirán a contratación do profesorado lector.

A colaboración asinada coa Universidade de Barcelona permite darlles continuidade aos estudos de galego e promover a organización de actividades de investigación, promoción e difusión da lingua. A contía achegada pola Xunta de Galicia para ese fin ascende a 39.000 euros. A Universidade de Barcelona é a única universidade de fóra de Galicia que incorpora no seu plan de estudos a licenciatura en filoloxía galega.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA UNHA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ÁREA LOXÍSTICA DO PORTO SECO DE MONFORTE PARA MELLORAR A SÚA FUNCIONALIDADE

O Consello da Xunta aprobou hoxe de xeito definitivo unha modificación puntual do proxecto sectorial da área loxística e intermodal do Porto Seco de Monforte que ten por obxecto mellorar a súa funcionalidade unha vez que entre en servizo.

Esta modificación favorecerá o funcionamento da área loxística xa que incorpora unha serie de melloras que atinxen ás súas comunicacións de acceso e internas e á parcelación dos terreos.

En concreto mellórase a vía de acceso ao Porto Seco e ampliáanse as glorietas existentes co fin de facilitar os xiros de vehículos pesados de grandes dimensións. Ademais modifícase a parcela de aparcamento para uso industrial para garantir as condicións de seguridade e accesibilidade.

Outro dos cambios agora aprobados atinxe a parcelación proposta inicialmente. Neste caso, en previsión de que os posibles operadores loxísticos que se implanten no porto seco dispoñan de espazos coas dimensións suficientes para as súas actividades, unifícanse os quinteiros resultantes en superficies únicas, xa que a excesiva división en parcelas de pequeno tamaño non resulta operativa na maioría dos casos.

Esta modificación puntual, que foi sometida a información pública, mantén os estándares urbanísticos establecidos no proxecto sectorial aprobado, pero a maiores mellora os espazos públicos ao aumentar as superficies destinadas a infraestruturas viarias e zonas verdes en detrimento da superficie lucrativa resultante.



A BAÑA, CARBALLEDA DE AVIA, CASTRELO DO VAL, CEDEIRA, A GUARDA, SADA E VILARDEVÓS SON OS PRIMEIROS CONCELLOS DE GALICIA QUE SE ADHIREN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- ***Nos vindeiros días incorporaranse 14 concellos máis que están ultimando a tramitación administrativa***
- ***Estes concellos delegan na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística para determinados tipos de solo***
- ***A APLU é un ente público consorciado a que os concellos se incorporan de xeito voluntario***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscripción de convenios entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (APLU) e sete concellos de Galicia para a súa adhesión a este órgano consorciado, encargado de velar pola utilización racional do solo de conformidade coa normativa urbanística e de protección do litoral.

Deste xeito, os concellos da Baña, Cedeira e Sada na provincia da Coruña; de Carballada de Avia, Castrelo do Val e Vilardevós en Ourense; e da Guarda en Pontevedra son os primeiros en incorporarse á Axencia.

A integración na APLU será plenamente efectiva unha vez asinados os correspondentes convenios de colaboración autorizados hoxe polo Consello e logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Cómpre lembrar que a adhesión á APLU é unha decisión voluntaria dos propios concellos que debe ser aprobada en sesión plenaria municipal.

A partir de agora, os concellos adheridos delegan na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas, serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante se ingresará nas contas municipais.

Próximas adhesións

Xunto cos sete concellos cuxos convenios foron hoxe autorizados, nos vindeiros días incorporaranse á APLU outros 14 municipios que xa teñen ultimada a tramitación administrativa necesaria e cuxos convenios tamén deberán ser autorizados polo Consello da Xunta. Serán os concellos de Abegondo, Oroso e Val do Dubra na provincia da Coruña; Becerreá, Castroverde e Ribeira de Piquín en Lugo; Castrelo de Miño,



Gomesende, Maside, Piñor, Verín e Vilamarín en Ourense; e Moraña e Pontecesures en Pontevedra.

Funcións da APLU

A APLU é un ente público consorciado do que forman parte a Xunta de Galicia e os concellos que voluntariamente se adhiran a el. O seu cometido é a vixilancia do territorio para velar pola utilización racional do solo, a ordenación do territorio especialmente na zona rural e a inspección de áreas sensibles como o litoral na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Os estatutos da Axencia –que foron elaborados por unha comisión mixta integrada por representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias - recollen de xeito pormenorizado as súas funcións, como son, entre outras:

- a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo
- a adopción das medidas cautelares previstas na lexislación urbanística
- a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas
- a potestade sancionadora e de reposición da legalidade
- o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa
- o asesoramento e asistencia ás administracións públicas
- e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 3,2 MILLÓNS DE EUROS PARA O SOTERRAMENTO DE DISTINTAS LIÑAS ELÉCTRICAS POR TODO O PAÍS

- ***O Consello autorizou a sinatura de tres convenios que permitirán o soterramento de 45 liñas***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura de tres convenios de colaboración da Consellería de Innovación e Industria con compañías eléctricas e concellos que van permitir o soterramento de distintas liñas eléctricas por todo o país.

Así, en función do primeiro destes convenios, que será subscrito con Unión Fenosa, procederase ao soterramento de 43 liñas das cales é titular a compañía eléctrica. Destas 43 liñas 17 están situadas na provincia da Coruña (nos concellos de Lousame, Mugardos, Miño -2 liñas-, Culleredo -5 liñas-, e Oleiros -8 liñas-); 4 na de Lugo (nos concellos de Chantada -2 liñas-, Palas de Rei e Taboada); 17 en Ourense (Allariz, Barbadás, Boborás, A Bola, Carballeda de Avia, Castrelo de Val, Celanova, Entrimo, Leiro -2 liñas-, Muíños, O Barco, Ribadavia, A Rúa, Vilar de Santos e Ourense -2 liñas-; e 5 na provincia de Pontevedra (nos concellos de Cotobade, Mos, Pontevedra, Sanxenxo e O Porriño).

O investimento total destas actuacións ascende a 5.552.548 euros dos cales 942.521,76 euros (o 30% do custo da instalación eléctrica) serán achegados pola Consellería de Innovación e Industria.

Liña de media tensión no polígono das Gándaras no Porriño

O departamento autonómico tamén asinará outro convenio de colaboración con Unión Fenosa e o Concello do Porriño para o soterramento dunha liña de media tensión que distribúe enerxía eléctrica no polígono industrial das Gándaras. Esta actuación, necesaria para as partes asinantes por razóns tanto de seguridade viaria como de calidade da subministración eléctrica, conta cun orzamento global de 1.862.808 euros, dos cales 754.516 serán achegados pola Consellería, unha cifra que se corresponde co 50% da obra civil e o 30% da instalación eléctrica.

Liña de alta tensión á subestación de San Cibrao

Por último, a consellería asinará outro convenio de colaboración coa compañía Barras Eléctricas Galaico-Asturianas (Begasa) e o Concello de Lugo para o soterramento da liña de alta tensión á subestación de San Cibrao. O orzamento total desta actuación ascende a 4,2 millóns de euros dos cales Innovación e Industria achegará 1.520.000 (o 50% da obra civil e o 30% da instalación eléctrica). Esta liña é a que dará subministración eléctrica ao futuro hospital de Lugo.



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DE INFRAESTRUTURAS RURAIS NOS CONCELLOS DE BARREIROS, VILAGARCÍA DE AROUSA, MEAÑO, CASTRELO DO VAL, MONTERREI E VERÍN

- ***A Consellería do Medio Rural, no marco de tres programas de infraestruturas, asinará novos convenios que recollen proxectos de dinamización da base produtiva e obras de servizos básicos***
- ***No Plan de melloras de infraestruturas viarias na denominación de orixe Monterrei investiranse 1,8 millóns de euros***
- ***As demais actuacións correspóndense ao PEIM-Feader e ao Plan de infraestruturas rurais***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a Consellería do Medio Rural para a sinatura de tres convenios de colaboración con diversos concellos para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Plan de infraestruturas rurais 2008, o Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural e o Plan de melloras das infraestruturas viarias da denominación de orixe Monterrei.

Barreiros, Vilagarcía e Meaño

O Programa de infraestruturas no medio rural prevé a realización de proxectos en todos os concellos de Galicia, desenvolvidos de acordo con criterios de dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación; de infraestruturas de servizos básicos como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas ou pistas rurais; así como aqueles de singular natureza que entren nas competencias da consellería. Estes criterios aplícanse desde o ano 2006, logo de seren consensuados coa Fegamp, e as actuacións serán financiadas con cargo ao Feader (2007-2013) e con fondos propios da Xunta.

Nesta quenda, os convenios asinaranse cos concellos de Barreiros, Vilagarcía de Arousa e Meaño, por un total 394.137 euros nas anualidades 2008-2010. Estas actuacións fan referencia a melloras de camiños rurais.

A programación naceu co fin de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas destinadas a mellorar a calidade de vida dos habitantes das zonas rurais e a potenciar o seu desenvolvemento, coa dotación de equipamentos públicos e de servizos básicos elementais necesarios para contribuír a fixar poboación.

Monterrei

Con respecto ao Plan de melloras de infraestruturas viarias na denominación de orixe Monterrei, o proxecto conta cun orzamento total de 1,8 millóns de euros e beneficiará a unha superficie de 1.771 hectáreas situadas nos concellos de Castrelo do Val, Monterrei, Oímbra e Verín, co obxectivo de consolidar unha importante rede de camiños de acceso a viñas e adegas, co fin de facilitar a actividade agraria ligada a estes cultivos.



O obxectivo das actuacións que se van realizar ao abeiro deste plan de Monterrei consiste en mellorar os camiños rurais máis importantes, de xeito que se permita o tránsito de maquinaria agrícola, o seu acceso ás viñas e o transporte da uva ás adegas.



O GOBERNO GALEGO DECLARA A PREVALENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE VILANOVA DE AROUSA

- ***O Consello da Xunta acordou declarar a prevalencia de utilidade pública do proxecto sectorial para a implantación do polígono industrial de Vilanova I, promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, sobre a dos montes veciñais en man común Pedra da Mina, Costa do Sixto e outros, pertencentes á comunidade de montes de Baión***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o acordo, por proposta da Consellería do Medio Rural, polo que se declara a prevalencia de utilidade pública do proxecto sectorial para a implantación do polígono industrial de Vilanova I, sobre a dos montes veciñais en man común Pedra da Mina, Costa do Sixto e outros, pertencentes á comunidade de montes de Baión, cunha superficie de afección de 27.043 m².

A Dirección Xeral Montes e Industrias Forestais ratificou os informes favorables sobre a prevalencia da utilidade do proxecto sobre a deste monte veciñal, emitidos pola Delegación Provincial do Medio Rural en Pontevedra, tras o trámite de audiencia á comunidade de Baión, sen que se presentasen alegacións.

A actuación conta xa coa declaración de utilidade pública e interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidade de ocupación para os efectos de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto sectorial do parque empresarial de Vilanova de Arousa I.

A Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece que a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados para os fins da expropiación ou imposición de servidumes. A Lei de montes veciñais en man común de Galicia establece que os montes veciñais só poderán ser obxecto de expropiación forzosa ou de imposición de servidumes por causa de utilidade pública ou interese social prevalente aos dos propios montes veciñais.



A XUNTA E O CONCELLO DE OLEIROS FORMALIZAN O CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA REHABILITAR O CASTELO DE SANTA CRUZ

- ***O acordo, que foi autorizado esta mañá polo Consello da Xunta, céntrase na consolidación estrutural e posta en valor da fortaleza***
- ***A contía ascende a 417.864 euros, dos cales a Consellería de Cultura inviste 104.466 e o Ministerio de Fomento achega 313.398 euros procedentes do 1% cultural***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Oleiros, propietario do Castelo de Santa Cruz, para proceder á restauración desta fortaleza declarada ben de interese cultural en 1949 baixo a categoría de monumento. O Consello da Xunta autorizou esta mañá o acordo polo que se realizará a intervención rehabilitadora deste inmovible, que conta cun orzamento de 417.864 euros.

Os traballos consisten na estabilización da estrutura da fortaleza, de maneira que se solucionen os problemas de inestabilidade dunha parte da muralla. Así mesmo, realizaranse obras de acondicionamento no exterior, que destaquen a beleza natural do seu contorno. O castelo está situado nun illote na ría da Coruña desde o que se pode observar toda a cidade e o porto de Santa Cruz. Ademais, a illa, á que se accede por unha pasarela de madeira, conta cun paseo litoral que rodea o castelo e que permite observar a construción e divisar mellor a paisaxe.

Esta actuación, que continúa coas anteriores emprendidas pola consellería, conta cun orzamento de 417.864 euros repartidos en dúas anualidades: neste 2008 a Consellería de Cultura achega o 25% do total, 104.466 euros, e no 2009 o Ministerio de Fomento achega o 75% restante, 313.398 euros, procedentes do 1% cultural.

Símbolo de Oleiros

A fortaleza foi construída no século XVI polo xeneral Diego das Mariñas e posteriormente pasou a mans da familia de Emilia Pardo Bazán. O castelo, de propiedade municipal, ten unha planta irregular formada por varios muros e conta con dúas torres cadradas xunguidas por un corpo central alongado máis baixo.

O inmovible, que co tempo se converteu en símbolo de Oleiros, gozou de gran prestixio entre os séculos XVI e XVIII debido á grande actividade dos portos da vila e da Coruña, así como pola súa posición estratéxica na ría.



A XUNTA DESTINA 30.000 EUROS AO CONCELLO DE CULLEREDO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS

- *Os programas centraranse nos ámbitos da información e formación escolar, familiar e xuvenil*
- *O Goberno galego destinou este ano arredor de 2.000.000 euros a convenios plurianuais con concellos en materia de prevención e máis de 1.000.000 euros a asociacións para proxectos de prevención e/ou incorporación social*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Culleredo para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias. A través deste convenio, o municipio recibirá un total de 30.000 euros, que se distribuirán en dúas anualidades: 22.500 en 2008 e 7.500 en 2009.

Os programas subvencionados centraranse nos ámbitos da información-formación escolar, familiar e xuvenil, cos obxectivos de ensinar contidos e actividades axeitadas á prevención de drogas no eido educativo, a promoción de formación permanente do profesorado e a información e sensibilización da poboación xeral, así como a coordinación de actividades orientadas á formación dos pais.

Deste xeito, ao abeiro deste convenio, desenvolveranse iniciativas como *CINENSINO*, *Escola de nais e pais*, *Radioescola de nais e pais*, *obradoiros de saúde*, *Obradoiro de identidade e afectividade*, así como un programa de habilidades sociais, entre outros. O prazo de vixencia do convenio estenderase desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2009.

Compromiso coa prevención

Co cofinanciamento destes programas, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde amosan a súa aposta pola prevención do consumo de drogas, tarefa que o Plan de Galicia sobre drogas 2007-2009 recolle como unha das áreas prioritarias.

Para iso, a sanidade pública galega está a realizar actividades preventivas no ámbitos da información-sensibilización, educativo, familiar, xuvenil, laboral e comunitario, ademais de actividades de formación ocupacional e preformación e capacitación laboral tendentes á incorporación social de drogodependentes.

Gran parte destas actuacións realízanse a través de convenios de cooperación con concellos e mancomunidades para o cofinanciamento de programas de prevención e/ou incorporación social de drogodependentes.

Así, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde asinaron este ano 44 convenios coa Administración local en materia de prevención, que abarcan un total de 120



concellos de Galicia. A través destes convenios, a sanidade pública galega está a distribuír un orzamento de 1.954.000 euros, repartidos en dúas anualidades (2008-2009).

Ademais, tamén se asinaron un total de 22 convenios con asociacións privadas, sen ánimo de lucro, que están a desenvolver programas de prevención e/ou incorporación social neste ano 2008. A sanidade pública galega distribuíu un total de 1.224.000 euros entre as asociacións para financiar estes proxectos.



A XUNTA AUTORIZA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE XESTIÓN, MANTEMENTO, ADMINISTRACIÓN E OPERATIVIDADE TÉCNICA DE VOO DOS HELICÓPTEROS DE PESCA

- ***Esta variación permite dispor dun orzamento próximo aos 850.000 euros para a ampliación da presenza física da tripulación do Pesca 1 na base de Vigo a 24 horas os 365 días do ano***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha terceira addenda pola que se modifica o contrato de servizos de xestión, mantemento, administración e operatividade técnica de voo dos helicópteros da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (o Pesca 1 con base en Vigo e o Pesca 2 con base en Celeiro). O importe desta terceira addenda, que estará vixente ata o 9 de xuño de 2009, é de 847.552,86 euros, que se destinarán á ampliación da presenza física da tripulación da aeronave de Vigo as 24 horas os 365 días do ano.

A devandita partida repartirase, por unha banda, para dar cobertura ao que queda de 2008 e, por outra, para cubrir os gastos ata o día nove de xuño do vindeiro ano, data do vencemento do contrato asinado entre a Consellería de Pesca e a empresa Helicsa Helicópteros, S.A., encargada dos servizos de xestión, mantemento, administración e operatividade técnica de voo dos dous helicópteros.

A sinatura desta addenda responde ao interese da Consellería de Pesca por dar unha resposta máis inmediata ás emerxencias que se rexistren no eido do salvamento e da contaminación mariña no noso litoral, xa que no caso do helicóptero con base en Vigo o tempo de resposta pasa a ser de 10 minutos todos os días do ano. Ademais, o persoal con que se conta para as dúas aeronaves increméntase, de forma que se dispón, como mínimo, de 13 pilotos, sete operadores de guindastre/rescatadores, seis rescatadores para formar as tripulacións de voo, sete técnicos de mantemento de aeronaves (TMA) e un administrativo.

Cabe lembrar que na liña de mellorar o servizo prestado polos dous helicópteros, a Administración pesqueira galega asinou dúas addendas ao contrato inicial (subscrito en 2005), tanto para prorrogar a súa duración como para incluír novas obrigas, consistentes no mantemento e reparación de equipamentos opcionais e subministración de materiais de reposición de consumibles; a correcta aplicación do Sistema Integrado de Saúde e Uso (IHUMS); e a inclusión dos servizos de mantemento e garantía total de fuselaxe e aviónica das dúas naves.



O GOBERNO GALEGO DESTINA PRETO DE 55.000 EUROS Á INSTALACIÓN DE CONTEDORES SOTERRADOS NO CONCELLO DE CORTEGADA (OURENSE)

- ***O custo da actuación, que ten un prazo de execución de dous meses, aboarase en dúas anualidades***

O Consello da Xunta autorizou a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Cortegada (Ourense) para a instalación de contedores soterrados, actuación na que o departamento autonómico investirá 54.968 euros

Medio Ambiente financiará a totalidade do custo das obras, cuxo orzamento se distribuirá en dúas anualidades. Así, neste exercicio, destinaranse 18.352 euros á obra, mentres que en 2009 se investirán 36.616 euros. Os traballos teñen un prazo de execución previsto de dous meses.

A actuación prevista consiste na instalación de contedores soterrados con sistema de recollida para carga traseira na rúa Fermín Bouza do núcleo de Cortegada. Deste xeito, levarase a cabo un movemento de terras, a construción dun foxo, a instalación dos contedores e, finalmente, o acondicionamento e sinalización da zona.



A XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE 3,7 MILLÓNS DE EUROS NA DEPURADORA DE SANTA COMBA (A CORUÑA), UNHA DAS 40 NOVAS QUE SE ESTÁN A CONSTRUIR EN GALICIA PARA O CUMPRIMENTO DA DIRECTIVA EUROPEA E O SANEAMENTO INTEGRAL DAS RIAS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a Administración autonómica e a local para a execución das obras***
- ***O proxecto contempla a execución de tres tramos de colector xeral e unha estación depuradora para 8.800 habitantes***
- ***A depuradora de Santa Comba é unha das 40 nas que o Goberno galego está a traballar no marco do Plan de Saneamento de Galicia 2005-2009***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 3.750.311 euros no proxecto de construción dos colectores xerais e estación depuradora de augas residuais (EDAR) do concello coruñés de Santa Comba. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a administración autonómica e a local para a execución desta obra, que financiará na súa totalidade a consellería.

O proxecto contempla a execución de tres tramos de colector xeral e unha EDAR prevista para 8.800 habitantes. A EDAR recollerá os vertidos que chega a dúas depuradoras existentes que actualmente están fóra de servizo, e as augas residuais de varios colectores que verten directamente ao cauce.

O prazo de execución da obra é de 18 meses, e o financiamento realizarase en catro anualidades, dende 2008 ata 2011, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).

Plan de Saneamento de Galicia

A de Santa Comba é unha das depuradoras que a Consellería de Medio Ambiente está a executar para o cumprimento da Directiva Europea que obrigaba (xa no 2005) as poboacións de máis de 2.000 habitantes equivalentes a contar cunha instalación depuradora. Estas depuradoras súmanse as que se están a construír e mellorar nas rías galegas, no marco do Plan de Saneamento de Galicia 2005-2009.

A Consellería de Medio Ambiente, en algúns casos xunto co Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, está a investir máis de 825 millóns de euros neste plan de saneamento, que contempla a construción, ampliación e mellora dun total de 76 depuradoras en Galicia.

Na actualidade, están a executarse 40 novas EDAR, mentres que entre 2005 e 2008 puxéronse en servizo 12 depuradoras e realizáronse melloras e ampliacións en 24 máis. Destas 24, en 22 edares as obras realizadas (instalación de sistemas terciarios) tiñan como obxectivo mellorar a calidade das augas para o marisqueo.



O grao de execución do Plan de Saneamento 2005-2009 está nestes momentos por encima do 85%.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ MÁIS DE 10 MILLÓNS DE EUROS NO FOMENTO DE AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN ATA 2009

- ***As accións financiadas e promovidas pola Consellería de Traballo están dirixidas ás persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego***

O Consello da Xunta aprobou a ampliación do orzamento destinado a axudas para o desenvolvemento de actividades de información, orientación e busca de emprego. A Consellería de Traballo destinará un orzamento global de máis de 10 millóns de euros ata o remate da lexislatura. Deste total, preto de 7 millóns (6.988.505) serán investidos ao longo deste ano e 3.350.000 en 2009.

Os beneficiarios destas axudas son as universidades públicas, as corporacións locais, as confederacións e asociacións empresariais e sindicais de Galicia, e as entidades especializadas en atención a determinados colectivos. Os beneficiarios das accións son todos os demandantes inscritos no Servizo Público de Emprego (SPE).

Outros dos criterios que se establecen á hora de avaliar a adxudicación destas axudas son acreditar experiencia no desenvolvemento deste tipo de actuacións, desenvolver de forma habitual e ordinaria tarefas de información e orientación profesional e laboral como actividade non lucrativa, así como outras medidas de carácter ocupacional complementarias para que os demandantes logren a súa inserción ou mellora da empregabilidade.

Nesta orde recóllense dous tipos de proxectos subvencionables: o programa de información profesional e o programa de orientación laboral e busca de emprego. Os centros colaboradores ou o Servizo Público de Emprego levarán a cabo accións, dentro de ambos os dous programas, coa finalidade de proporcionar información a cada usuario, renovar ou modificar o currículo. Tamén procederán ao tratamento da demanda, é dicir, realizarán unha entrevista individual e personalizada, a comprobación e validez dos datos do usuario e introdución na base de datos do SPE.

Outro dos obxectivos destes programas é a captación de ofertas de traballo, polo que se porán en contacto co empregador, recollerán o perfil profesional das prazas vacantes e remitirán a información á oficina de emprego correspondente para a tramitación da devandita oferta de emprego.

Tamén poderán desenvolverse accións colectivas dirixidas á adquisición das capacidades básicas que lles permitirán aos demandantes artellar itinerarios activos e eficaces na busca de emprego. Non obstante, estas accións deberán ser autorizadas previamente pola Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo, que determinará a duración, o número de participantes de cada acción e a metodoloxía que se empregará.



As axudas que se promoven estarán destinadas a sufragar os gastos derivados das retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social de todos os traballadores que executen as accións de información, orientación e busca de emprego.



A XUNTA FINANCIARÁ CON 9,2 MILLÓNS DE EUROS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN SECTORIAIS DIRIXIDAS A TRABALLADORES OCUPADOS

- ***O Goberno galego aprobou a orde pola que se convocan axudas para a posta en marcha de actividades formativas sectoriais ata o ano 2009***
- ***Coa aprobación desta orde tamén se establece a posibilidade de solicitar o adianto de ata un 65% da subvención***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a programación de accións formativas sectoriais dirixidas a traballadores ocupados para o ano 2009, mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico. Ademais, tamén se aprobou a concesión de anticipos de entre o 10 e o 65% das axudas destinadas ás accións para os traballadores ocupados, que contarán cun orzamento que ascende aos 9,2 millóns de euros.

A formación profesional para o emprego ten entre as súas finalidades proporcionarles aos traballadores, especialmente aos ocupados, a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral. O obxectivo é que obteñan coñecementos e prácticas adecuados aos requirimentos que en cada momento precisan as empresas, para facelos máis competitivos no mercado de traballo.

Esta orde ten por obxectivo convocar subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos, prioritariamente, a traballadores ocupados. Estes plans deberán ofrecer unha formación axustada ás necesidades do mercado laboral que atenda os requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e as aspiracións de promoción empresarial dos traballadores.

Os plans de formación deberán executarse antes do 31 de agosto de 2009 e todos os gastos estarán xustificadas no prazo dun mes desde a data de remate da actividade.

Nese senso, poderán ser beneficiarias da concesión destas subvencións para a implantación de plans de formación as organizacións empresarias e sindicais máis representativas na Comunidade Autónoma, as entidades creadas ao abeiro da negociación colectiva sectorial e as organizacións empresariais e sindicais que participen na negociación colectiva de ámbito estatal.

Por outro lado, terán prioridade na participación das distintas accións formativas as persoas maiores de 45 anos, traballadores con baixa cualificación e persoas con discapacidade. Tamén se priorizará a participación dos traballadores de Pemes, dos traballadores pertencentes a colectivos desfavorecidos e das mulleres afectadas pola violencia de xénero.

Ademais, poderán participar nestas actividades os traballadores asalariados que presten os seus servizos en empresas ou entidades públicas empresariais e as persoas



traballadoras inscritos nos réximes especial agrario, de autónomos, do mar que coticen pola continxencia de formación profesional, así como as persoas socias traballadoras e de traballo das cooperativas, sociedades laborais e empresas de economía social.

Accións formativas

Enténdese por acción formativa a dirixida á adquisición de competencias profesionais, teóricas e prácticas, estruturadas nunha unidade pedagóxica con obxectivos e contidos propios. Neste caso, as accións formativas non poderán ter unha duración inferior ás 10 horas nin superior ás 270. Cómpre sinalar que, segundo o artigo 33 da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, o programa de contidos de todas as actividades formativas deberán incluír un módulo formativo sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

No referente ás modalidades de impartición poderán ser presenciais, de distancia convencional, teleformación ou mixtas. No caso das tres últimas, o sistema de impartición deberá incluír un método para comprobar que o alumnado recibe a formación impartida. No caso das accións formativas presenciais, estas poderán organizarse en grupos cun máximo de 25 participantes.

Tal e como se recolle no texto da orde, o II Plan galego de formación profesional defínese como un plan que concibe integralmente a política de cualificacións e da formación profesional. Este carácter integral implica seguir avanzando cara á constitución dun sistema de formación profesional integrado en Galicia e supón tamén considerar como beneficiario deste plan o conxunto da poboación activa.

Por outra banda, o Acordo galego de formación profesional continua asinado o 29 de marzo de 2004 entre a Xunta de Galicia e os axentes sociais máis representativos de Galicia, ten como un dos seus obxectivos principais a mellora da competencia profesional e a actualización dos coñecementos e capacidades dos traballadores, segundo as necesidades de evolución do seu emprego como consecuencia dos cambios tecnolóxicos e organizativos dos procesos de produción.

Asemade, o Novo marco de relacións laborais: acordo polo emprego recolle entre os seus obxectivos proporcionarles aos traballadores a formación axeitada para a promoción persoal, para os requirimentos do mercado de traballo e para as necesidades das empresas, contribuíndo á mellora da produtividade e da competitividade destas.